

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO MUNICIPAL DO DÍA 26 DE ABRIL DE 2018

No salón de sesións da casa do Concello de Cambre, ás vinte horas do día vinte e seis de abril de dous mil dezaoto, baixo a presidencia do primeiro tenente de alcalde, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, por imposibilidade de asistencia do señor alcalde, don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o Pleno municipal.

Asisten os señores concelleiros don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe, do PP; don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández, de UxC; dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González e dona Josefa Vázquez Soto, do PSdeG-PSOE; dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos, de ACdC-SON; don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández, do BNG; integrando o Grupo Mixto, dona M^a José García Hidalgo, de C's; e don Jesús Bao Bouzas, concelleiro non adscrito.

Non asiste, con escusa, dona Rocío Vila Díaz, do PP.

Asisten don Manuel Roel Hernández-Serrano, interventor, e dona M^a Luisa de la Red Ampudia, secretaria xeral.

Faise constar que dona M^a Olga Santos López, de ACdC-SON, incorpórase á sesión ás 20:03 horas, durante o debate do punto 1.2 da orde do día.

Segundo establece o artigo 130.1 do Regulamento orgánico municipal, no Concello de Cambre as actas do pleno municipal adoptan o sistema de videoactas.

De acordo co previsto no artigo 130.2, apartado 1^o do citado texto normativo, o presente documento correspóndese coa acta sucinta da sesión ordinaria do Pleno municipal do día 26 de abril de 2018, que xunto coa gravación dispoñible no enderezo electrónico <http://plenos.cambre.es> (ID: Video_201804261801430000_FH), constitúe o documento público e oficial de videoacta desta sesión.

Faise constar que en cada punto da orde do día desta acta sucinta, inclúese a referencia temporal do comezo da gravación do dito punto, isto co fin de facilitar a súa localización.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1. PARTE RESOLUTIVA

1.1. Recoñecemento de obrigas procedentes de exercicios anteriores con cargo ao Orzamento de 2018. Expediente número 5/2018

Acceso á videoacta: Minuto 00:01:03

Vista a proposta de Alcaldía do día 16 de abril de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Vista a relación de facturas que se achega, correspondentes a prestacións realizadas en exercicios anteriores por importe total de 6.257,94 euros.

Visto que as facturas que se pretende aprobar non se aprobaron no seu debido momento, por non terse presentado no Concello no mesmo exercicio no que se prestou o servizo ou se realizou a subministración ou obra.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Tendo en conta o principio de anualidade recoñecido no artigo 162 do Real decreto legislativo 2/2004, de 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora de facendas locais (TRLFL), ao definir o orzamento das entidades locais como a “expresión cifrada, conxunta e sistemática das obrigas que, como máximo pode recoñecer a entidade e os seus organismos autónomos, e dos dereitos que prevea liquidar durante o correspondente exercicio”.

Tendo en conta que o artigo 176.1 do TRLFL e 26.1 do RD 500/1990, no relativo aos gastos, establecen que con cargo aos créditos do estado de gastos do exercicio corrente só se poderán contraer obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e despesas en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario.

Considerando que o artigo 26 do Real decreto 500/1990, de 20 de abril, permite, non obstante, aplicar aos créditos do orzamento vixente no momento do seu recoñecemento, as obrigas procedentes de exercicios anteriores ás que se refire o artigo 60.2 do mesmo texto. (“Corresponderá ao Pleno da entidade o recoñecemento extraxudicial de créditos, ...).

E por tanto, atopándonos ante gastos realizados que se teñen que abonar por terse prestado o servizo ou realizado a subministración ou obra, o recoñecemento extraxudicial de créditos posibilita a aprobación de gastos dun exercicio noutro. Doutro modo prexudicaríanse os intereses dos acredores, aos que a xurisprudencia lles recoñece o dereito a percibir o importe dos seus servizos, con independencia da aplicación da normativa orzamentaria, en aplicación da teoría do enriquecemento inxusto.

Por todo iso, PROPONSE ao Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro: Aprobar o expediente número 5/2018 de recoñecemento de obrigas de exercicios anteriores con cargo ao orzamento de 2018 por importe de 6.257,94 euros, correspondente ás seguintes facturas:

Nº DE ENTRADA	DATA ENTRADA	NIF/CIF	NOME/DENOMINACIÓN SOCIAL	IMPORTE
F/2018/658	06/02/2018	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	405,77
F/2018/881	16/02/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	531,55
F/2018/939	20/02/2018	A36633600	INCIPRESA, S.A.U.	2.458,72
F/2018/960	22/02/2018	A65067332	GAS NATURAL S.U.R. SDG, S.A.	41,62
F/2018/1033	23/02/2018	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	247,36
F/2018/1040	23/02/2018	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	359,89
F/2018/1150	04/03/2018	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	319,14
F/2018/1187	04/03/2018	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	382,15
F/2018/1209	05/03/2018	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	82,66
F/2018/1255	06/03/2018	B70121108	GALLEGA DE COORDINACIONES S.L.U.	237,00
F/2018/1309	12/03/2018	B15378078	COMERCIAL MALASA, S.L.U.	23,70
F/2018/1310	12/03/2018	B15378078	COMERCIAL MALASA, S.L.U.	25,00
F/2018/1311	12/03/2018	B15378078	COMERCIAL MALASA, S.L.U.	30,26
F/2018/1425	18/03/2018	A08431090	GAS NATURAL SERVICIOS SDG, S.A.	706,37
F/2018/1442	19/03/2018	A08136806	CIRCULO DE LECTORES, S.A.	86,10
F/2018/1487	05/03/2018	J15832215	J.M. SERVICIOS S.C.	320,65
			TOTAL	6.257,94 euros

Segundo: Autorizar, dispoñer e recoñecer e liquidar as obrigas correspondentes a cada un dos acredores relacionados anteriormente.”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Economía, Facenda, Seguridade Cidadá e Participación de data 19 de abril de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto) e os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández). Abstéñense os cinco concelleiros presentes

do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), o concelleiro presente de ACdC-SON (don Antonio Bruquetas Santos), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por dez votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.2. Aprobación, se procede, do proxecto modificado para execución da obra “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, obra incluída no Plan de aforro e investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña

Acceso á videoacta: Minuto 00:02:45

Vista a proposta de Alcaldía do día 18 de abril de 2018 que consta do seguinte teor literal:

“Visto o expediente de contratación incoado co nº 2016/C003/000006 para a adxudicación, por procedemento aberto multicriterio, da obra incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, cun importe de execución por contrata de 221.744,60 euros IVE incluído.

Visto que, coa data do 21 de febreiro de 2017, adxudicouse a obra á entidade “IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.”, no importe de **155.376,44 euros, IVE incluído**, asinándose o contrato o día 24 de febreiro de 2017.

Visto o escrito presentado polo representante da empresa adxudicataria no Concello de Cambre o día 25 de maio de 2017, rexistrado ao nº 0/4464, no que solicitaba unha ampliación no prazo de execución da obra, debido á necesidade de proceder á redacción dun proxecto modificado, debido á necesidade de resolver certas incidencias xurdidas durante a execución da obra, e que se refiren a :

- Ruído emitido pola bomba de calor prevista na instalación que estaba previsto instalar inicialmente.
- Necesidades de espazo para a súa instalación e posterior mantemento
- Aforro de consumo enerxético e, polo tanto, económico
- Cambio das luminarias fixadas no proxecto por luminarias co sistema led.

Visto o informe favorable emitido polo arquitecto municipal, director da obra, don José Ramón Díaz Barbeito, coa data do 26 de maio de 2017, no que facía constar que os motivos da solicitude formulada pola adxudicataria poden dar lugar á redacción dun proxecto modificado, motivado en erros ou omisións do proxecto orixinal que non foi posible prever na súa redacción e que é necesario emendar para a correcta execución das obras, engadindo novas partidas e suprimindo outras, polo que solicitaba que se autorizase o procedemento para a realización dun proxecto modificado, e se paralizase a execución das obras.

Visto que con data do 13 de xuño de 2017, a Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre adoptou, entre outros, os seguintes acordos :

“Primeiro: De conformidade co establecido no artigo 234.3 do Texto Refundido da Lei dos contratos das Administracións Públicas, cláusula 34 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente contractual, e consonte ao establecido na Base 8 das reguladoras do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, autorizar o inicio do expediente para a redacción dun proxecto modificado para execución da obra denominada “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, obra incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña e adxudicada á entidade “IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.”.

Os motivos para a elaboración do proxecto modificado, baséanse na existencia de erros ou omisións do proxecto orixinal que non foi posible prever na súa redacción e que é necesario emendar para a correcta execución das obras, engadindo novas partidas e suprimindo outras, e que afectan a :

- Ruído emitido pola bomba de calor prevista na instalación que estaba previsto instalar inicialmente.
- Necesidades de espazo para a súa instalación e posterior mantemento

- *Aforro de consumo enerxético e, polo tanto, económico*
- *Cambio das luminarias fixadas no proxecto por luminarias co sistema led.*

Segundo: O procedemento para a elaboración e aprobación do proxecto modificado substanciarase de acordo cos seguintes trámites:

- *Redacción da modificación do proxecto e aprobación técnica*
- *Audiencia ao contratista, "IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.", e máis ao redactor do proxecto don Óscar Valcuende Rodriguez, polo prazo mínimo de tres días hábiles*
- *Aprobación do proxecto modificado polo Pleno do Concello de Cambre*
- *Aprobación do proxecto modificado pola Deputación Provincial da Coruña, ao estar incluída a obra no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016, e consonte á Base Oitava das reguladoras do antedito plan.*
- *Aprobación do expediente polo órgano de contratación, así como dos gastos complementarios precisos*

(...)"

Tendo en conta que o proxecto modificado foi elaborado polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, con data do 4 de abril de 2018.

Visto que consta no expediente a Acta de aprobación de prezos contradictorios asinada dixitalmente polo adxudicatario da obra con data do 31/03/2018, e máis con data 02/04/2018 polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, quen foi designado director da obra e responsable do contrato por acordo da Xunta de Goberno Local do 21 de febreiro de 2017.

Visto que trala redacción da modificación do proxecto deuse audiencia ao contratista, "IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.", e máis ao redactor do proxecto orixinal, don Óscar Valcuende Rodriguez, constando no expediente a **conformidade de ambos ao proxecto modificado**, segundo escritos rexistrados de Entrada o 03/04/2018 ao nº 201899900000133 e 04/04/2018 ao nº 04/481, respectivamente, dando cumprimento con esto ao establecido na cláusula 34 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente contractual, e no artigo 234 do Real decreto Lexislativo 3/2011 do 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei dos contratos do sector Público, de aplicación ao presente expediente por terse adxudicado o contrato antes da entrada en vigor da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector público, en cuia Disposición Transitoria primeira, punto 2, establécese expresamente que "*Os contratos administrativos adxudicados con anterioridade á entrada en vigor da presente lei – o que acontece no presente suposto por se adxudicar o contrato o 21 de febreiro de 2017, máis dun ano antes da entrada en vigor da actual lei contractual-, rexeranse en canto aos seu efectos, cumprimento e extinción, incluída a súa modificación, duración e réxime de prórrogas, pola normativa anterior*".

Visto que, con data do 12 de abril actual, emítase informe polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, no que indica que o proxecto modificado **mantén o presuposto de execución por contrata igual ao do proxecto orixinal, e, polo tanto, non supón repercusión económica ningunha, e non altera as condicións da adxudicación do contrato**, e que as modificacións que presenta este proxecto respecto ao orixinal trátanse de axustes de partidas, supresión de partidas innecesarias e creación doutras novas que substitúen ás eliminadas para adaptalas á realidade existente na obra e á redución do consumo enerxético da edificación, fixándose o prazo para a súa execución en tres semanas.

Tendo en conta o establecido na cláusula 34 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares regulador do presente expediente contractual, e consonte ao establecido na Base 8 das reguladoras do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, segundo a cal :

"Os investimentos executaranse polos respectivos concellos con arranxo ao proxecto técnico da obra ou prego de prescricións técnicas da subministración. A dirección e a execución dos investimentos realizaraas o concello correspondente, sen prexuízo da posibilidade de que a deputación realice as inspeccións que considere convenientes.

Se para a execución dos investimentos xurde a necesidade de modificar o proxecto da obra, ou o prego da subministración , o concello deberá tramitar o correspondente expediente de acordo co establecido no citado Texto refundido da lei de contratos do sector público, e redactar un proxecto modificado que deberá ser aprobado polo concello e pola deputación.

Calquera incremento que se derive da modificación do contrato, de liquidacións ou de outro concepto deberá ser financiado integramente polo concello.”

Tendo en conta que o proxecto orixinal correspondente á obra “Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais”, foi aprobado polo Pleno do Concello de Cambre con data do 16 de marzo de 2016, e que con data do 27 de abril de 2016 o Pleno municipal ratificou o acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local o 25 de abril anterior, aprobando o proxecto corrixido correspondente á obra.

Propoño ao Pleno a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro: Aprobar o proxecto denominado “*Modificado do proxecto de Reforma de local comercial para uso de oficinas municipais*”, elaborado con data do 4 de abril de 2018 polo arquitecto municipal don José Ramón Díaz Barbeito, cun importe de execución por contrata, trala aplicación da porcentaxe de baixa ofertada polo adxudicatario, de 155.376,44 euros (IVE incluído), e que corresponde á obra incluída no Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña e adxudicada á entidade “IAM Rumbo Instalaciones y Obras, S.L.” no expediente nº 2016/C003/000006, sen supoñer incremento ningún respecto ao presuposto de adxudicación da obra.

Segundo: Dar traslado do acordo adoptado á Deputación Provincial da Coruña, para aprobación pola mesma do proxecto modificado, esto consonte establecen tanto a Base 8 das reguladoras do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2016 da Deputación Provincial da Coruña, publicadas no BOP nº 2 do 05/01/2016, como na cláusula 34 do prego-tipo de cláusulas administrativas particulares aplicable ao expediente contractual, e que foi aprobado pola Deputación Provincial da Coruña con data do 30 de decembro de 2015 (BOP 07/01/2016).”

Visto o ditame favorable emitido pola Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Medio Ambiente, Patrimonio e Desenvolvemento Socioeconómico de data 19 de abril de 2018.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

1.3. Mocións urxentes en asuntos de competencia de pleno segundo o artigo 22 da Lei 7/1985, que non figuren na orde do día

Acceso á videoacta: Minuto 00:08:17

Este punto non foi utilizado.

2. PARTE DECLARATIVA

2.1. Declaracións institucionais

Acceso á videoacta: Minuto 00:08:32

Este punto non foi utilizado.

2.2. Mocions dos grupos municipais

Acceso á videoacta: Minuto 00:08:34

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa ao orzamento comprometido polo Goberno de España para desenvolvemento das medidas contempladas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

A) Moción do grupo municipal do PSdeG-PSOE, relativa ao orzamento comprometido polo Goberno de España para desenvolvemento das medidas contempladas no Pacto de Estado contra a violencia de xénero

Acceso á videoacta: Minuto 00:09:30

Rexistrada de entrada ao núm. 3/736 o día 13 de abril de 2018.

Dona M^a Jesús Gómez González, concelleira do PSdeG-PSOE, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“A loita contra a violencia que se exerce cara ás mulleres ha de ser unha prioridade para toda a sociedade e tamén unha obriga que corresponde aos partidos políticos e en primeira instancia aos gobernos e administracións no marco das súas correspondentes competencias.

O Pacto de Estado en materia de violencia de xénero aprobado polo Congreso dos Deputados vincula directamente aos partidos políticos, poderes do Estado, administracións autonómicas e locais, no compromiso adoptado para contribuír á erradicación da violencia de xénero.

O Pacto de Estado é un instrumento complementario da nosa actual lexislación, que establece os marcos de coordinación institucional precisos para o desenvolvemento das diferentes medidas acordadas. Un total de 213 propostas de actuación que abordan o problema de maneira integral e que no seu conxunto melloran a situación das mulleres vítimas de violencia de xénero e a das súas fillas e fillos.

Pero non se poderá avanzar na erradicación da violencia machista e na atención específica ás mulleres, se non se establecen estes mecanismos de coordinación necesarios entre as diferentes administracións e institucións con responsabilidade na materia, e tampouco se poderá seguir avanzando se non se dotan ás distintas administracións (comunidades autónomas e concellos), dos recursos económicos adecuados.

Hai que resaltar con respecto ás atribucións e competencias das administracións autonómicas o recollido no Pacto: “O disposto no presente Pacto deberá ser interpretado sen prexuízo do pleno exercicio polas comunidades autónomas das competencias que teñen atribuídas en virtude dos respectivos Estatutos de Autonomía, non podendo, en consecuencia,

vincular ás comunidades autónomas ou outras administracións públicas, as recomendacións contidas no presente informe cando afecten aos seus respectivos ámbitos competenciais”.

Este aspecto é fundamental, ao recoñecer o esforzo e o compromiso económico das administracións autonómicas e locais no marco das súas competencias específicas, dedicado á loita contra a violencia de xénero.

Por iso, e en función das medidas establecidas no Pacto, débese dotar ás devanditas administracións das partidas económicas específicas correspondentes fixadas no Pacto, e comprometidas polo propio Goberno.

Con base nestes acordos, hai que lembrar tamén que todos os grupos parlamentarios apoiaron e votaron a favor a proposición non de lei presentada polo Grupo Socialista en outubro de 2017, relativa á solicitude ao Goberno de España da aprobación por decreto lei, en caso de prórroga orzamentaria, do incremento de polo menos 200 millóns, para dar cumprimento aos acordos orzamentarios do Pacto de Estado en materia de violencia de xénero.

Acordo que o Goberno de España incumpriu, a pesar de ser votado a favor polo Partido Popular.

Á súa vez, hai que destacar e denunciar que na proposta de Orzamentos xerais do Estado para 2018, incúmprese de novo o compromiso orzamentario comprometido no Pacto.

Por todo iso, dende o Grupo Municipal Socialista do Concello de Cambre, solicitamos aos demais grupos municipais, o apoio aos seguintes ACORDOS:

Primeiro: Instar ao Goberno de España a que nos Orzamentos xerais do Estado, para as novas ou ampliadas competencias reservadas ás comunidades autónomas e aos concellos, se destinen, vía transferencias, un incremento anual de 20 millóns de euros aos concellos e 100 millóns de euros destinados ás comunidades autónomas.

Tal e como figura no acordo do Pacto que di textualmente: *“Os Orzamentos xerais do Estado, destinarán, vía transferencia aos concellos, un incremento anual de 20 millóns de euros durante os próximos cinco exercicios”.*

Segundo: Dar traslado deste acordo plenario ao presidente do Goberno de España, á Ministra de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade e ao conxunto dos grupos parlamentarios no Congreso dos Deputados.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca Grande Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Votan en contra os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe). E abstense a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo).

O Pleno municipal, por trece votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Acceso á videoacta: Minuto 00:31:23

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal de ACdC-SON sobre o Día da visibilidade lésbica. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous

concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballeda Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

B) Moción do grupo municipal de ACdC-SON sobre o 26 de abril, Día da visibilidadelésbica

Acceso á videoacta: Minuto 00:31:48

Rexistrada de entrada ao núm. 999/177 o día 20 de abril de 2018.

Dona M^a Olga Santos López, voceira de ACdC-SON, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

"O pasado 8 de marzo tivo lugar en 150 países do mundo unha mobilización feminista histórica contra a desigualdade que aínda hoxe sofren as mulleres. En España desenvolveuse unha exitosa xornada de folga laboral, estudiantil, de coidados e de consumo, convocada polo movemento feminista, que logrou que numerosas mulleres parasen e se mobilizasen ese día en defensa dos seus dereitos. Esta xornada de loita serviu tamén para reivindicar e visibilizar a diversidade das mulleres e as súas realidades e demandas específicas.

Hoxe, 26 de abril, conmemórase no Estado español, por iniciativa do movemento social LGTBI, o Día da visibilidadelésbica, co obxectivo de denunciar as situacións de desigualdade, discriminación, violencia e precariedade que sofren as mulleres lesbianas nun sistema heteropatriarcal. As mulleres lesbianas experimentan aínda discriminacións múltiples, derivadas do machismo e da lesbofobia, sen que o Estado ofrezca un marco normativo integral que logre protexer e garantir os dereitos deste colectivo. Ademais, os casos de discriminación e violencia lesbofóbicas son a miúdo invisibilizados e non denunciados, supoñendo un problema que require a atención prioritaria das institucións públicas e a sensibilización de toda a sociedade para a súa erradicación.

Segundo datos do Observatorio madrileño contra a homofobia, transfobia, e bifobia, en 2017 contabilizouse só na Comunidade de Madrid un total de 299 persoas LGTBI agredidas pola súa orientación sexual e/ou identidade de xénero, do total de vítimas o 13% foron mulleres lesbianas. Con todo, estas cifras representan un subregistro, xa que unha gran maioría de casos de discriminación e violencia cara a mulleres lesbianas non chega a visibilizarse nin denunciarse.

Ante esta situación, o feminismo segue representando o mellor instrumento para loitar pola igualdade real de todas as mulleres nun sistema machista e heteropatriarcal que mostrou o seu rostro máis desigual e violento coas políticas austericidas da crise capitalista. As ditas políticas teñen invisibilizado, ignorado e recortado os dereitos sociais de toda a cidadanía, especialmente dos colectivos especialmente expostos á precariedade.

As políticas de axuste e recorte afectan de xeito dramático á loita pola igualdade, fortalecendo a discriminación e a violencia cara a colectivos historicamente discriminados, como son as mulleres e as persoas LGTBI. O Estado non pode mirar cara a outro lado mentres se repiten agresións machistas, racistas e LGTfóbicas que cuestionan gravemente a convivencia democrática e os dereitos humanos de todas e todos.

Son necesarias políticas públicas de igualdade integrais e interseccionais, que logren analizar, visibilizar e enfrontar as desigualdades que experimentan as mulleres lesbianas, e en xeral todo o colectivo LGTBI.

Neste sentido, a proposición de lei contra a discriminación por orientación sexual, identidade ou expresión de xénero e características sexuais, e de igualdade social de lesbianas, gais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais debe ser desbloqueada, debatida e aprobada con urxencia no Congreso dos Deputados para que moi pronto poidamos contar cun instrumento xurídico útil e eficaz contra as agresións e outras formas de discriminación e violencia que se reproducen ante a pasividade e a inacción públicas.

As mulleres, en toda a súa diversidade, merecen vivir nun Estado democrático que sexa capaz de recoñecer, protexer e garantir plenamente os seus dereitos e asegurar vidas libres de violencia e discriminación. A batalla legal e social para

deconstruír un sistema machista e heteropatriarcal que reprime a diversidade e precariza a vida da cidadanía debe contar co compromiso firme das institucións públicas. A igualdade real non pode agardar máis.

Por todo o exposto, o grupo municipal de Asemblea Cidadá de Cambre presenta ante o Pleno a seguinte proposta de **ACORDOS:**

Primeiro: Incluír nas políticas municipais pola igualdade de xénero e contra a violencia machista unha perspectiva de diversidade sexual e identidade de xénero, que visibilice e aborde a realidade das mulleres lesbianas e as súas problemáticas específicas.

Segundo: Incluír nas políticas municipais de mocidade e de persoas maiores unha perspectiva de diversidade sexual e identidade de xénero, que visibilice e aborde a realidade das mulleres lesbianas e as súas problemáticas específicas nas distintas etapas da vida.

Terceiro: Realizar campañas públicas de ámbito municipal que contribúan a visibilizar a diversidade afectivo-sexual, especialmente das mulleres lesbianas, e a sensibilizar á cidadanía contra a discriminación por motivos de orientación sexual e identidade de xénero.

Cuarto: Solicitar á Consellería de Educación e ao Ministerio de Educación, Cultura e Deporte que aproben e desenvolvan, en colaboración cos consellos escolares, protocolos para previr e erradicar os casos de acoso escolar ou bullying que sofren nenas e adolescentes lesbianas pola súa orientación sexual ou expresión de xénero nos centros educativos.

Quinto: Solicitar á Consellería de Sanidade e ao Ministerio de Sanidade, Servizos Sociais e Igualdade, que aproben e desenvolvan normativas para garantir ás mulleres lesbianas unha atención sanitaria de calidade, libre de prexuízos e adaptada ás súas necesidades e demandas, incluíndo a atención xinecolóxica e os servizos de saúde sexual e reprodutiva.

Sexto: Instar ao Goberno de España á aprobación dunha lexislación que recoñeza explicitamente a discriminación e a violencia por orientación sexual e/ou identidade de xénero como delito de odio.

Sétimo: Instar ao Goberno de España á aprobación dunha Lei contra a discriminación por orientación sexual, identidade ou expresión de xénero e características sexuais, e de igualdade social de lesbianas, gais, bisexuais, transexuais, transxénero e intersexuais e dunha Lei sobre a protección xurídica das persoas trans e o dereito á libre determinación da identidade sexual e expresión de xénero.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca Grande Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Acceso á videoacta: Minuto 00:37:34

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada polo grupo municipal do BNG respecto da rexeneración da ría do Burgo. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores

Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

C) Moción do grupo municipal do BNG respecto da rexeneración da ría do Burgo

Acceso á videoacta: Minuto 00:38:00

Rexistrada de entrada ao núm. 3/719 o día 17 de abril de 2018.

Don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro do BNG, dá lectura á moción co seguinte teor literal:

“A Plataforma para a defensa da ría do Burgo e a Confradía de Pescadores/as da Coruña levan anos reclamando unha solución para a nosa ría, constatándose coa recente presentación polo Goberno central dos Orzamentos xerais do Estado para o ano 2018, de que non hai vontade real de levar adiante as urxentes actuacións que se precisan para a rexeneración medioambiental e da recuperación dos bancos marisqueiros da ría do Burgo.

Xa levan transcorridos máis de sete meses desde que se publicou a declaración de impacto ambiental favorable (BOE 27 setembro 2017), e seguimos sen saber as razóns do atraso na publicación do proxecto definitivo de dragado e do inicio das obras. Así mesmo, xa van alá moitos anos da aprobación do Informe pola Comisión de Peticións do Parlamento Europeo (despois da visita realizada no 2013 por unha delegación deste mesmo Parlamento) que demandaba do Estado español realizar un Plan integral de rexeneración e recuperación da ría do Burgo.

En todo caso, resúltanos extraordinariamente grave esta situación, chegando mesmo a ser insultante, se lle sumamos o feito de que inclúen partidas de contías insignificantes respecto do orzamento necesario de acordo ao proxecto de dragado que estivo no seu día en exposición pública, ou, no seu caso, seguen incluíndo partidas que nunca se chegan a executar, prolongando así máis os anos para unha solución real.

Cada día que pasa as principais e primeiras vítimas da contaminación na ría do Burgo, os colectivos de mariscadoras e mariscadores, están máis sumidos na miseria económica e cada día máis comidos polos lodos e o medre da improdutividade dos bancos marisqueiros da ría. Esiximos actuacións inmediatas do Estado e da Xunta no camiño de restablecer os convenios existentes ata hai uns anos coas agrupacións de mariscadoras e mariscadores para labores de rexeneración, mentres non poidan desenvolver con normalidade a actividade marisqueira.

A Plataforma da ría do Burgo e as veciñas/os da comarca da Coruña levan anos reivindicando solucións ante a grave deterioración da ría do Burgo e das consecuencias negativas que ten no medio ambiente, na economía e no marisqueo.

Precisamente por iso, atender as necesidades da ría do Burgo implica non só unha inaprazable necesidade medioambiental, senón tamén unha aposta pola economía produtiva, polo potencial da ría como motor de reactivación económica da comarca e pola súa capacidade xeradora de emprego.

Polo exposto, rogamos a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Solicitamos ao Goberno español e á Xunta de Galicia no que lle compete:

- Calendario de actuacións para o inmediato inicio das obras do Plan de rexeneración da ría do Burgo e recuperación dos bancos marisqueiros, así como o seu dragado, tratamento, limpeza de lodos e todas as accións para o seu saneamento integral.

- A dotación de partidas económicas nos Orzamentos xerais do Estado para poder facer efectivas as actuacións anteriormente citadas.
- Consignación de dotacións económicas que permitan o restablecemento dos convenios coas agrupacións de mariscadoras e mariscadores para labores de rexeneración, mentres non poidan desenvolver con normalidade a actividade marisqueira.”

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, votan a prol os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca Grande Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a moción tal e como foi transcrita.

Acceso á videoacta: Minuto 00:41:13

Fóra da orde do día, sométese a votación ordinaria a proposta de declaración de urxencia da moción presentada por Ciudadanos para loitar contra a brecha salarial entre homes e mulleres nas empresas contratadas polo Concello de Cambre. Votan a prol da urxencia os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe), os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca García Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas).

O Pleno municipal, por unanimidade dos dezanove concelleiros asistentes á sesión, aprobou a declaración de urxencia da moción presentada.

D) Moción de C's para loitar contra a brecha salarial entre homes e mulleres nas empresas contratadas polo Concello de Cambre

Acceso á videoacta: Minuto 00:42:12

Rexistrada de entrada ao núm. 999/150 o día 12 de abril de 2018.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), lectura á moción co seguinte teor literal:

“Dado o compromiso adquirido polo Concello de Cambre, téndose aprobado no pasado pleno o II Plan de Igualdade, dende C's consideramos que é necesario loitar pola igualdade con medidas legislativas concretas, a da brecha salarial entre homes e mulleres.

Segundo os datos de Eurostat, as traballadoras españolas cobran un 14,9% por hora menos que os seus compañeiros varóns, unha discriminación que aumenta ata o 22,9%, segundo datos do INE, se tomamos como referencia o salario bruto anual.

Aínda que se trata dun problema a nivel global que supera as competencias estritamente municipais, a Administración local tamén debe contribuír a intentar acabar con esta desigualdade tomando medidas para combater a posible brecha salarial existente nas empresas que traballan, neste caso, para o Concello de Cambre.

A entrada en vigor da nova Lei de contratos do sector público permite a todas as administracións dispoñer dun instrumento xurídico co que contribuír a conseguir unha igualdade de xénero real tamén no sector privado.

Coa transposición das Directivas Europeas 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ao ordenamento xurídico español, a Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público reforza a importancia das consideracións sociais e medioambientais nos contratos públicos.

Os órganos de contratación poderán establecer estas consideracións, ben como criterios de adxudicación cualitativos para avaliar a mellor relación calidade-prezo, ben como ata agora como condicións especiais de execución, sempre que estean vinculadas ao propio contrato, como se establece nos artigos 145 e 202 da nova lei, que recollen como obxectivos *“eliminar as desigualdades entre o home e a muller no dito mercado, favorecendo a aplicación de medidas que fomenten a igualdade entre mulleres e homes no traballo, favorecer a maior participación da muller no mercado laboral e a conciliación do traballo e a vida familiar.”*

Dado que a adxudicación de contratos públicos debe basearse en criterios de obxectividade e fuxir de calquera tipo de arbitrariedade, é necesario cuantificar nas ofertas presentadas a brecha salarial de maneira obxectiva, de maneira que para o ofertante sexa transparente a aplicación dos criterios de ponderación con motivo destas consideracións sociais. Por iso, para determinar obxectivamente a brecha salarial podería empregarse a fórmula establecida por Eurostat para o seu cálculo.

Unicamente adoptando medidas como as propostas, as administracións públicas estarán á altura do que a sociedade reclama, lanzando unha potente mensaxe de igualdade efectiva ao favorecer nos contratos públicos a aquelas empres comprometidas coa igualdade real e coa responsabilidade social corporativa.

Ningunha traballadora que preste servizo ao Concello de Cambre debe ser vítima de discriminación salarial, polo que se deben tomar medidas para combater a posible brecha salarial entre homes e mulleres que poida existir nas empresas que traballan con contrato municipal, incluíndo este requisito nas bases de licitación, tal e como faculta a nova lei de contratos.

Co obxectivo de acadar unha sociedade máis xusta e sen discriminación entre homes e mulleres, Ciudadanos Cambre considera positivo valorar a igualdade de xénero nos contratos municipais, polo que propón a este Pleno da Corporación municipal do Concello de Cambre, a adopción do seguinte **ACORDO**:

- Que o Goberno municipal de Cambre impulse un estudo mediante o cal corrobore que non existe ningún caso de discriminación salarial que afecte ás empregadas que dependen directamente da propia Corporación.
- Instar ao Goberno municipal de Cambre a incluír como criterio de adxudicación das ofertas, nos futuros pregos de contratación (art. 145.2 LCSP) e como condición especial de execución do contrato (art. 202.2 LCSP), a existencia de mecanismos de control que eviten a discriminación salarial cara ás mulleres nas empresas adxudicatarias, así como a obriga de cumprir cos plans de igualdade nos seus convenios.”

Faise constar que don Juan González Leirós, voceiro do BNG, propón a modificación dos acordos, de xeito que o que se acorde sexa que o Goberno municipal estude os mecanismos para levar a cabo as actuacións propostas na moción.

Dona M^a José García Hidalgo, voceira do GM (C's), acepta a modificación proposta.

Sometido o asunto a votación ordinaria do Pleno, coa modificación na redacción dos acordos proposta por UxC, votan a prol os catro concelleiros presentes de UxC (don Juan González Leirós, dona Elisa Pestonit Barreiros,

don Ramón Boga Moscoso e dona M^a Dolores Blanca Grande Fernández), os catro concelleiros do PSdeG-PSOE (dona Leonor Fernández Grande, dona M^a Jesús Gómez González, don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez e dona Josefa Vázquez Soto), os dous concelleiros de ACdC-SON (dona M^a Olga Santos López e don Antonio Bruquetas Santos), os dous concelleiros do BNG (don Daniel Carballada Rodríguez e don Brais Cubeiro Fernández), a concelleira de C's, integrante do GM (dona M^a José García Hidalgo) e o concelleiro non adscrito (don Jesús Bao Bouzas). Abstéñense os cinco concelleiros presentes do PP (don Manuel Rivas Caridad, dona M^a Jesús González Roel, don Juan María Abalo Castex, don Manuel María Mora Pita da Veiga e dona Marta M^a Vázquez Golpe).

O Pleno municipal, por catorce votos a prol, aprobou a moción coa seguinte parte dispositiva:

Primeiro: Que o Goberno municipal de Cambre estude os mecanismos que permitan realizar un estudo mediante o cal corrobore que non existe ningún caso de discriminación salarial que afecte ás empregadas que dependen directamente da propia Corporación.

Segundo: Instar ao Goberno municipal de Cambre a estudar os mecanismos para incluír como criterio de adxudicación das ofertas, nos futuros pregos de contratación (art. 145.2 LCSP) e como condición especial de execución do contrato (art. 202.2 LCSP), a existencia de mecanismos de control que eviten a discriminación salarial cara ás mulleres nas empresas adxudicatarias, así como a obriga de cumprir cos plans de igualdade nos seus convenios.

Cando son as 21:16 horas, auséntase da sesión don Daniel Carballada Rodríguez, voceiro do BNG.

3. PARTE DE INFORMACIÓN, CONTROL E FISCALIZACIÓN

3.1. Informes do equipo de goberno

Acceso á videoacta: Minuto 01:16:17

Este punto non foi utilizado.

3.2. Rogos

Acceso á videoacta: Minuto 01:16:23

Rogos do PP presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/183 o día 23 de abril de 2018, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - *Acceso á videoacta:* Minuto 01:16:32

Lee o rogo don Manuel Rivas Caridad.

Unha vez máis foron numerosas as queixas remitidas polos nosos veciños sobre o estado no que se atopa o Camiño Inglés a Santiago. Queixas que non foron as primeiras que temos recibido, sendo este un tema reiteradamente traído a pleno polo Grupo Municipal Popular, a sabendas do enorme potencial non só histórico, cultural e espiritual do camiño, senón tamén turístico, económico ou medioambiental, que merece ser obxecto de especial respecto e protección.

Neste caso, as queixas centralízanse no estado no que se atopa a ponte romana á entrada do Camiño Inglés a Santiago no noso municipio, na parroquia de Sigrás.

A maleza a invade ata o punto de que na práctica totalidade do seu trazado non se observa nin a existencia da propia ponte, impedindo apreciar tanto o seu estado real como a súa singular beleza, tal e como se observa nas fotografías que se achegan co presente rogo.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se interese do equipo de goberno que se adopten as medidas oportunas para a adecuada limpeza e conservación da ponte romana existente no Camiño Inglés a Santiago, ao seu paso por Sigrás.

Don Ramón Boga Moscoso, concelleiro delegado da Área de Xuventude, Turismo e Patrimonio, acepta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:18:32

Lee o rogo don Manuel Rivas Caridad.

Así mesmo, foron numerosas as queixas remitidas polos nosos veciños sobre o mal estado no que se atopan os parques infantís no noso municipio, queixas que foron transmitidas ao equipo de goberno tamén polo noso grupo en sede plenaria.

Nesta ocasión, como puidemos comprobar, é deplorable o estado no que se atopan os parques infantís existentes nas parroquias de Brexo-Lema, Cecebre e Aián, tal e como se observa nas fotografías que se achegan co presente rogo.

Nelas destaca o mal estado dos bambáns (que nalgúns casos evidencian o perigo de ser utilizados polos máis pequenos ao atoparse rotos ou desmontados), do valado que acouta os diferentes espazos de xogos infantís, do solo e materiais existentes nel, etc.

De aí que, dende o Grupo Municipal Popular se solicite da concelleira competente, se adopten as medidas pertinentes para resolver os problemas existentes nos nosos parques infantís, con especial atención nas parroquias sinaladas no presente rogo.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, acepta o rogo.

3º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:20:38

Lee o rogo dona M^a Jesús González Roel.

Entre as medidas a adoptar en procura da seguridade viaria no noso municipio, veciños do lugar de Aián comunicánnos os problemas que a velocidade que acadan os vehículos que transitan pola AC-400 ao seu paso por Aián, están provocando nos transeúntes, o que unido á inexistencia de beirarrúas e á estreiteza da beiravía, fan máis perigoso o traxecto tanto para vehículos como para peóns, tal e como se advirte nas fotografías que se achegan ao presente rogo.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se insta ao Goberno municipal de Cambre a que adopte as medidas oportunas para eliminar, ou polo menos mitigar, os problemas de seguridade viaria advertidos polos nosos veciños.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, manifesta que xa se ten solicitado verbalmente á conselleira e están agardando a resposta.

Rogos de ACdeC-SON presentados por escrito

Rexistrados de entrada ao núm. 999/182 o día 23 de abril de 2018, xunto coas preguntas presentadas para este pleno.

1º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:22:33

Lee o rogo dona M^a Olga Santos López.

Son moitas as críticas que se están a producir pola cidadanía en relación á “campana” iniciada polo goberno cambrés para identificar aos donos dos terreos privados cos que non existe posibilidade de contactar ou que lle son descoñecidos, co obxecto de poder localizalos para que limpen as súas propiedades antes de que chegue o verán.

Entendendo que o espírito da iniciativa é evitar incendios como os xa acontecidos, vemos nesta iniciativa graves erros:

- CAMPAÑA:

Unha campaña realizada por un concello debería contar polo menos con varias características, das que esta carece:

- Debería ser pública, e non o é debido a que só tiveron acceso a ela as asociacións veciñais
- Debería conter información veraz, e non a ten. Dende que publicaron a noticia na web e na prensa, moitos veciños contactaron co concello para preguntar pola localización da listaxe así como a data de publicación no BOP e ningunha das dúas informacións estaban dispoñibles.

- BANDO:

Ausencia de acceso ao bando na web do concello.

- TRATAMENTO DE DATOS:

Non existe información nin garantías de cara ao cidadán respecto do tratamento e custodia dos datos que acheguen as asociacións veciñais. Descoñecemos se os datos se recollen de palabra, se anotan nun caderno, se rexistran nunha gravadora, se envían por audio de whatsapp ou se dá fe ante notario.

Pregamos se actúe por parte do Goberno nos seguintes termos:

- A. Sexa feita pública a listaxe de parcelas con falta de identificación e localización de propietario ou propietarios, se poña a disposición o enlace de publicación no BOP así como a publicación do bando.
- B. Sexamos informados neste pleno do número de titulares localizados e informados de xeito satisfactorio dende a iniciativa desta “campana” ata o día de hoxe dos 99 ilocalizables.
- C. Sexa publicado e informado este Pleno do protocolo de actuación respecto do tratamento de datos persoais obtidos polo concello.

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, non acepta o rogo.

2º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:33:16

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

Ante a municipalización do servizo de roza debido ao “*incumprimento das empresas contratadas con anterioridade*”, foi declarado hai xa un ano pola concelleira responsable que coa realización das rozas con medios propios “*pretendemos un maior control e seguimento sobre os traballos co fin de mellorar o servizo*”.

O do 2017 foi un ano dunha pésima xestión municipal no relativo á limpeza dos camiños, producíndose gravísimos atrasos, moitas queixas veciñais e situacións indesexables produto da ausencia de limpeza nos camiños durante os meses de máis calor e profusión de maleza.

A competencia municipal en materia de vías públicas chega tanto ás urbanas como ás rurais, sendo obriga do concello mantelas en bo estado de conservación.

A día de hoxe o estado dos camiños é preocupante, cando menos. Tendo en conta que este ano a roza ten que estar lista o 31 de maio.

Pregamos que o Goberno municipal de Cambre actúe coa celeridade suficiente como para ter rematadas as rozas e limpeza de camiños municipais antes do 31 de maio e que nos faga relato neste salón de plenos do cronograma que, entendemos, xa terá elaborado para que sexa extensivo aos veciños e saibamos o percorrido a seguir coas datas previstas para cada unha das parroquias do noso concello. O dito cronograma debería de estar accesible na páxina web do concello para a súa consulta e difusión.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, confirma que está previsto comezar coa roza no mes de maio, con reforzo respecto do ano pasado, pero sen que teñan que estar rematados o día 31 do mesmo mes.

3º rogo - Acceso á videoacta: Minuto 01:41:41

Lee o rogo don Antonio Bruquetas Santos.

O paso de peóns situado nas inmediacións da rotonda da rúa Paseo Marítimo e o denominado Pinar da Reina, preto do límite co Concello de Oleiros, carece das beirarrúas nunha das súas beiras e practicamente está invadido pola maleza da propia rotonda.

Pregamos o seu acondicionamento e adaptación ás medidas de seguridade vixentes contempladas para estas infraestruturas, como pode ser o seu repintado horizontal.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, acepta o rogo e comprométese a dar traslado del a Fomento, como administración competente.

3.3. Preguntas

Acceso á videoacta: Minuto 01:42:29

Preguntas do PP presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/183 o día 23 de abril de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.

1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:42:35

Lee a pregunta don Manuel M^a Mora Pita da Veiga.

Á vista das queixas recibidas o ano pasado pola campaña de roza, entre as que se atopaba a tardanza no seu comezo e vendo como se atopa este ano o noso municipio a este respecto, é dicir, necesitado de rozar (tal e como se reflicte nas fotografías que se achegan), chegando incluso nalgúns casos a impedir divisar a sinalización existente, dende o Grupo Municipal Popular pregúntase ao equipo de goberno cando ten pensado iniciar este ano a campaña de roza.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta e manifesta que cando teñan o cronograma, que será aproximado, facilitaráselle a todos os grupos.

2ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:43:34

Lee a pregunta don Juan M^a Abalo Castex.

Veciños das distintas parroquias do noso municipio transmitiron a este Grupo Municipal Popular a súa inquedanza polo estado no que se atopan as árbores que flanquean a estrada da Estación en Cambre. Fundamentalmente dende que hai días, nunha das mencionadas árbores, situada na curva que baixa cara ao centro de saúde de Cambre, se esgazara unha parte importante do seu tronco, que quedou baleiro e ao aire, converténdose nun auténtico perigo para viandantes e condutores, tal e como se advirte das fotografías que se achegan.

Veciños que se preguntan como a pesar dos días transcorridos e do concurrido do lugar (acceso ao centro de saúde de Cambre, centro da terceira idade, campo de fútbol e cemiterio), non se ten retirado a parte do tronco caída nin se teñen tomado medidas que aseguren ou afiancen o estado da mencionada árbore e, en calquera caso, garantan a seguridade de paso nun lugar tan transitado.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte ao equipo de goberno cando e que medidas se van tomar dende o Goberno municipal para resolver os problemas advertidos.

Dona Elisa Pestonit Barreiros, concelleira delegada da Área de Servizos, contesta a pregunta.

3ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:46:47

Lee a pregunta dona Marta M^a Vázquez Golpe.

Dende o Grupo Municipal Popular advírtese como preocupante a situación que está vivindo a tradicional Feira de Cambre, respecto da cal se aprecia unha diminución continuada, mes a mes, no número de asistentes, tanto de postos que ofrecen os seus produtos como de usuarios.

De aí que dende o Grupo Municipal Popular se pregunte á concelleira competente en materia de Desenvolvemento Socioeconómico que medidas está previsto tomar por parte do noso concello (se é que está previsto), e en particular dende a súa concellería, para revitalizar a tradicional feira da nosa capital municipal.

Dona Leonor Fernández Grande, concelleira delegada da Área de Desenvolvemento Socioeconómico, reconece a situación de preocupación e informa das solucións que se están estudando.

Preguntas de ACdeC-SON presentadas por escrito

Rexistradas de entrada ao núm. 999/182 o día 23 de abril de 2018, xunto cos rogos presentados para este pleno.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

1ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:49:09

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Ante a demanda veciñal, confirma o noso grupo municipal o perigo na incorporación á N-550 en Altamira de Arriba, fronte A Fonte, lugar no que, como consecuencia da inexistencia de carril de incorporación e os vehículos aparcados na marxe dereita, faise moi difícil a saída á nacional, sendo necesario achegar o vehículo ao carril para poder ter visibilidade suficiente.

Coidamos que esta situación podería verse substancialmente mellorada coa colocación dun espello que facilite a visibilidade dos vehículos que proceden dirección Carral.

Con base no anteriormente exposto dende o grupo municipal de ACdC preguntamos pola posibilidade de analizar a nosa petición e procurar ofrecer maior seguridade nesta incorporación coa colocación dun espello convexo.

Dona Josefa Vázquez Soto, concelleira delegada da Área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, contesta a pregunta.

2ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:50:44

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Que actividades ten desenvolvido o concello con motivo da celebración do día da Festa da árbore? En caso de resposta afirmativa, en que lugares e con que promoción?

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, dá conta das actuacións realizadas.

3ª pregunta - Acceso á videoacta: Minuto 01:51:50

Lee a pregunta don Antonio Bruquetas Santos.

Poden informarnos do cronograma de contactos que este Goberno leva tido, dende o inicio da presente lexislatura ata o día de hoxe, co Ministerio de Fomento en relación coas continuas avarías dos semáforos no cruzamento da Rocha, así como para reclamar a construción da orzamentada rotonda? (Calquera contacto co Ministerio de Fomento que inclúan na información que lles solicitamos deberá ter sustento documental).

Don Juan González Leirós, concelleiro delegado da Área de Urbanismo, Obras e Medio Ambiente, contesta a pregunta.

E non habendo máis asuntos que tratar, o señor presidente por delegación, levantou a sesión cando son as vinte e unha horas e cincuenta e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Juan Evaristo Rodríguez Vázquez

A secretaria xeral

Mª Luisa de la Red Ampudia